

Axudas a unidades familiares por danos persoais

Que modalidades?

- Axudas polo **falecemento** de persoas a consecuencia dos feitos ou situacións de catástrofe pública.
- No caso de ser declarada unha **discapacidade absoluta e permanente** a consecuencia dos feitos e situacións de catástrofe pública.

Quen son os beneficiarios?

Que requisitos?

- Membro da unidade familiar ou de convivencia que fose declarado nunha situación de incapacidade absoluta e permanente.
- O cónxuxe da persoa falecida non separada ou a persoa coa que estivera vivindo.
- Os fillos menores de idade do falecido.
- Os fillos maiores de idade sempre que exista dependencia económica.
- En defecto das persoas mencionadas, os pais da persoa falecida, sempre que exista dependencia económica.

Axudas para paliar danos materiais en vivendas e aparellos

Que modalidades?

- Destrución da vivenda.
- Danos que afecten á **estructura** da vivenda.
- Danos menos graves **que non afectan á estrutura** da vivenda.
- Danos nos **aparells** domésticos de primeira necesidade.

Quen son os beneficiarios?

- Unidades familiares ou de convivencia económica.

Que requisitos?

- Que o dano se produza na súa vivenda habitual.
- Que os seus ingresos estean dentro duns límites establecidos.
- Que o dano fose causado de forma directa e determinante polo feito catastrófico.
- Para os danos materiais na vivenda, que se xustifique a súa propiedade, usufruto ou titularidade xurídica da súa posesión por algún dos membros da unidade familiar.
- En caso de estar asegurado, que a indemnización percibida non cubra a totalidade dos danos producidos.

Axudas a corporacións (CCLL)

Que modalidades?

- Por **gastos de emerxencia** realizados polas CCLL derivados de actuacións inaprazables en situación de emerxencia levados a cabo no mesmo momento de producirse esta ou nos inmediatamente posteriores á finalización dos feitos causantes, sempre que o seu obxecto sexa o funcionamento dos servizos públicos esenciais e imprescindibles para garantir a vida e a seguridade das persoas.
- Pola **subministración de auga potable en situacións de emerxencia, por seca**, para garantir a atención das necesidades básicas da poboación.

Quen son os beneficiarios? Que requisitos?

As CCLL que acrediten escaseza de medios, para o cal o importe dos gastos realizados pola Corporación debe superar o 3% da contía consignada no seu capítulo presupostario de gastos correntes en bens e servizos (Capítulo II).

Axudas para persoas físicas ou xurídicas requiridas pola autoridade competente para realizar unha prestación de bens ou servizos

Que modalidades?

As persoas físicas ou xurídicas requiridas pola autoridade competente nunha situación de emerxencia para realizar unha prestación de bens ou servizos poderán obter o resarcimento polo importe **total dos gastos, danos ou prexuízos ocasionados**.

Quen son os beneficiarios?

As persoas físicas ou xurídicas que, requiridas pola **autoridade competente en materia de protección civil no ámbito da Administración Xeral do Estado**, levasen a cabo a prestación persoal ou de bens.

Outras axudas

- **Axudas para Comunidades de Propietarios**
- **Axudas para establecementos industriais, comerciais e de servizos**

Quen son os beneficiarios?

- **As Comunidades de Propietarios** en réxime de propiedade horizontal, para danos que afecten a elementos de uso común.
- **Persoas físicas ou xurídicas** titulares dos establecementos debidamente rexistrados a efectos fiscais e con un número de empregados igual ou inferior a 50.

Que requisitos?

Resulta imprescindible que se **teña contratada unha póliza de seguro en vigor** no momento de producirse os feitos causantes, e que o dano se tivese producido por algún risco **NON INCLUIDO** no seguro de riscos extraordinarios ou na cobertura ordinaria da póliza de seguro.



DOCUMENTACIÓN E MÁIS INFORMACIÓN SOBRE AS DISTINTAS MODALIDADES DE AXUDA EN:

www.proteccioncivil.es/ayudas/lineas-de-ayuda

Cando e onde se poden presentar as solicitudes?

PRAZO

Os interesados dispoñerán **dun mes** para presentar as solicitudes a contar **dende** o día seguinte ao da finalización do feito causante da situación de emerxencia.

LUGAR

- As persoas xurídicas e as entidades públicas** están obrigadas a relacionarse mediante medios electrónicos coas Administracións Públicas (artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).
- As persoas físicas** poderán elixir en todo momento si se comunican coas Administracións Públicas por medios electrónicos ou non.
- O artigo 16 "Rexistros" da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece onde poderán presentarse os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas.

En calquera caso, tamén se poderán presentar as solicitudes a través da sede electrónica do Ministerio do Interior:

<https://sede.mir.gob.es/opencms/export/sites/default/es/procedimientos-y-servicios/ayudas-y-subsenciones-por-siniestro-y-catastrofe/index.html>

Hai modelos para formular as solicitudes?... Si

Dispoñibles na páxina:

www.proteccioncivil.es/ayudas/lineas-de-ayuda

Páxina na que se poderá obter documentación e información detallada sobre:

- Modalidades de subvención.
- Beneficiarios.
- Requisitos.
- Formularios normalizados para presentar as solicitudes.
- Información práctica.

Subvencións

en atención a determinadas necesidades derivadas de **situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica**, e establécese o procedemento para a súa concesión

(Réxime xeral de axudas establecido no Real Decreto 307/2005, do 18 de marzo)

Estas axudas van **dirixidas a:**

- **Unidades familiares** ou de convivencia económica, que sufrisen **danos persoais**.
- **Unidades familiares** ou de convivencia económica, que sufrisen **danos materiais** na súa vivenda habitual ou nos seus aparellos de primeira necesidade.
- **Corporacións locais**, para facer fronte aos gastos de emerxencia realizados.
- **Comunidades de Propietarios**, en réxime de propiedade horizontal, para danos que afecten a elementos de uso común.
- **Titulares de establecementos** mercantís, industriais ou de servizos, debidamente rexistrados a efectos fiscais e con un número de empregados igual ou inferior a 50.
- Persoas físicas ou xurídicas que levasen a cabo prestación persoal ou de bens, por **requirimento da autoridade competente** en materia de protección civil no ámbito da Administración Xeral do Estado.

Documentación e máis información na páxina WEB:

www.proteccioncivil.es/ayudas/lineas-de-ayuda

Que é unha situación de emerxencia para a concesión destas axudas?

Estado de necesidade sobrevido a unha comunidade de persoas ante un grave ou inminente risco colectivo excepcional, o cal resulta inevitable ou imprevisible, e que devén en situación de natureza catastrófica cando, actualizado o risco e producido o feito causante, se alteran as condicións de vida desa colectividade e se producen graves danos que afectan a unha pluralidade de bens e servizos.



DIRECCIÓN GENERAL DE PROTECCIÓN CIVIL Y EMERGENCIAS



SUBVENCIONES

en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica

(Réxime xeral de axudas establecido no Real Decreto 307/2005, do 18 de marzo)



DIRECCIÓN GENERAL DE PROTECCIÓN CIVIL Y EMERGENCIAS



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DEL INTERIOR